



# CADERNOS

DO SINDICATO NACIONAL DE CCOO

**Resumo de sinistralidade laboral en Galicia no 2023  
e evolución accidentes de traballo abril 2024**

*Cadernos do Sindicato Nacional de CCOO de Galicia  
Resumo de sinistralidade laboral en Galicia no 2023  
e evolución dos accidentes de traballo*

*Abril de 2024*

Elaboración: Secretaría de Saúde Laboral



## PRESENTACIÓN

*28 DE ABRIL DE 2023, DÍA MUNDIAL DA SEGURIDADE E A SAÚDE NO TRABALLO*

*Por un dereito á seguridade e a saúde no traballo,  
e contra a crise climática, un importante risco para as nosas vidas*

As condicións laborais teñen unha enorme influencia sobre a saúde das persoas traballadoras. Desde CCOO levamos anos denunciando que a precariedade laboral enferma e mata.

**É intolerable que no 2023 se produciran en Galicia 30 423 accidentes de traballo con baixa en xornada laboral (624 911 no conxunto do Estado) e 50 mortes polo mero feito de ir traballar (721 mortes no conxunto do Estado),** moitas delas por causas que facilmente se poden previr, como as caídas en altura, golpes ou atrapamentos e outras como as cardiovasculares, que son escasamente tratadas desde a prevención de riscos laborais e vinculadas coas condicións de traballo e coa calidade da prevención que se fai nas empresas.

**Neste ámbito, CCOO temos tres obxectivos prioritarios:**

**PRIMEIRO. Reforzar a calidade da xestión da prevención nas empresas,** a través da súa internacionalización e revisando e modificando os sistemas de acreditación e control das entidades especializadas, como os servizos de prevención, así como revertir as modificacións da LPRL que supuxeron a simplificación das actuacións de prevención de riscos laborais.

**SEGUNDO. Acabar co subregistro de enfermidades profesionais, empezando polo cancro laboral.** En España estímase que anualmente falecen 8700 homes e 850 mulleres por cancros debidos a exposicións laborais, pero en 2023 só se comunicaron 94 partes (2 en Galicia) de enfermidade profesional por axentes canceríxenos, a maioría por amianto. Para revertir esta situación é imprescindible crear un rexistro nacional de empresas con riscos de exposición a axentes canceríxenos e un rexistro de persoas traballadoras expostas, pendente de desenvolvemento normativo por parte do Goberno desde 1997.

**TERCEIRO. A necesidade de reforzar o marco normativo para a prevención efectiva dos riscos psicosociais,** empezando por incluír de forma expresa a obrigatoriedade de facer as avaliacións de riscos ou por incluír as desordes mentais no cadro de enfermidades profesionais e continuando por impulsar, nas institucións europeas, a aprobación dunha directiva de riscos psicosociais que mellore a saúde mental e cardiovascular das persoas traballadoras.

Hai que revisar a normativa a fondo para **integrar a perspectiva de xénero e eliminar as desigualdades.** Para iso, cómpre incorporala como un dos principios de acción preventiva establecidos pola Lei de prevención de riscos laborais e feminizar o cadro de enfermidades profesionais, engadindo actividades feminizadas para patoloxías xa incluídas e incorporando patoloxías prevalentes en actividades con alta ocupación feminina.

E todas estas reformas legais deben acompañarse cun **pulo ás políticas públicas activas en materia de prevención e un aumento dos recursos económicos e humanos destinados a elas.** Non se

pode seguir demorando o cumprimento do compromiso de aumentar os cadros de persoal da Inspección de Traballo. E tamén é necesario **mellorar as dotacións do Instituto Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo e dos institutos autonómicos de prevención de riscos laborais**, alí onde existen, e propiciar a súa creación nas comunidades autónomas que aínda non os puxeron en marcha. Tampouco imos renunciar a demandar a creación de xulgados especializados en seguridade e saúde no traballo e a potenciar a fiscalía especializada.

E queremos finalizar cunha **lembranza ás vítimas do amianto**, que levan esperando a aprobación do real decreto necesario para que entre en vigor a lei que regula o seu fondo de compensación e que acumula máis dun ano de atraso. O real decreto debe aprobarse con carácter inmediato e cunhas indemnizacións equiparables ás xa existentes para outros colectivos de afectados.

### **A crise climática: un importante risco para a seguridade e a saúde no traballo**

A humanidade está a experimentar profundas transformacións que xa ninguén pode negar nesta segunda década do século XXI e que están impactando na nosa forma de vivir, no mundo do traballo e na saúde da clase traballadora.

O envellecemento da poboación nas sociedades occidentais móstranos unha forza do traballo cada vez máis maior, cunha prolongación significativa da vida laboral, con problemas para adaptarse ao incremento da carga de traballo en moitos sectores e dificultades para reincorporarse ao traballo logo dunha baixa por motivos de saúde. Doutra banda, entre as persoas máis novas séguense rexistrando as maiores incidencias de accidentes de traballo ocorridos durante a xornada laboral. Ante esta nova realidade, **a xestión preventiva debe realizarse tendo en conta a idade, entre outras características, e adaptar así o traballo á persoa.**

**A dixitalización das actividades produtivas** efectúase na maioría dos casos á custa do emprego, pero tamén da saúde das persoas traballadoras. A prevención de riscos laborais non é un dos insumos que se incorporan na xestión algorítmica da organización do traballo e a economía de plataformas, máis ben ao revés: incorpora elementos que incrementan e xeran riscos, sobre todo na dimensión psicosocial. A monitorización constante, a falta de desconexión, a intensificación do traballo, a redución da autonomía e determinación da persoa traballadora sometida á nova intelixencia artificial acaban provocando serios problemas de saúde física e mental nas traballadoras e traballadores. A epidemia de problemas de saúde mental que aflorou nos últimos tempos non é allea a estes factores laborais. **Cómpre que a autoridade laboral controle que se garanta o dereito a ambientes de traballo seguros e saudables.**

Pero se hai unha transición que se está mostrando de xeito máis descarnado nos últimos anos é a medioambiental.

**Desde CCOO vimos alertando desde hai décadas da necesidade de afrontar e intensificar os esforzos para loitar contra o cambio climático e a perda de biodiversidade, así como das consecuencias de non actuar, tanto desde un punto de vista ambiental como económico, social e tamén para a saúde laboral.**

A Organización Mundial da Saúde sinala que o 2023 foi testemuña dun «aumento alarmante de

desastres relacionados co clima, incluídos incendios forestais, vagas de calor e secas, que provocaron desprazamentos de poboacións, perdas agrícolas e unha maior contaminación do aire. A actual crise climática aumentou significativamente o risco de enfermidades potencialmente mortais como o cólera, a malaria e o dengue».

Tamén o ano pasado, a Organización Internacional do Traballo avisou de que a crise climática «*sen os controis adecuados, pode aumentar o risco de lesións, enfermidades e morte dos traballadores debido ao estrés térmico, os fenómenos meteorolóxicos extremos, a exposición a produtos químicos perigosos, a contaminación atmosférica e as enfermidades infecciosas, entre outros*». A OIT, ademais, engadiu que «numerosos efectos sobre a saúde das persoas traballadoras se relacionan co cambio climático, incluíndo lesións, cancro, enfermidades cardiovasculares, afeccións respiratorias e efectos sobre a súa saúde psicosocial».

Ata hai pouco, había quen consideraba que estes fenómenos ían producirse en latitudes afastadas, pero nos últimos anos puidemos comprobar que España non só non é allea a eles, senón que os informes do Comité de Expertos ante o Cambio Climático da ONU (IPCC) sinalan o noso país como unha das áreas máis vulnerables e onde estes impactos xa están a manifestarse de forma máis virulenta. As vagas de calor dos últimos anos, probablemente «os veráns máis frescos do resto das nosas vidas», cobráronse a vida de traballadoras e traballadores. Isto obríganos como sociedade a converter a seguridade e a saúde no traballo nun dos piares das políticas públicas de adaptación ao cambio climático.

Polo tanto, **débase recorrer ás ferramentas da prevención de riscos laborais para previr a exposición a temperaturas extremas nas empresas, pero sen esquecer outros fenómenos asociados ao cambio climático:** fenómenos meteorolóxicos extremos, avance de enfermidades de transmisión por vectores, aumento da exposición á radiación solar.

**O reto de abordar os efectos do cambio climático para a prevención de riscos laborais debe facer parte do debate na mesa de diálogo social sobre saúde e seguridade no traballo, aberta na actualidade entre o Goberno, as patronais e os sindicatos.** Pero hai máis materias que deben incorporarse neste ámbito de negociación. Aínda queda moito por recuperar e por mellorar en seguridade e saúde nas empresas, o que require modificacións estruturais na normativa de prevención.

**Un ano máis, desde CCOO lembramos as vítimas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais e as súas familias. Este 28 de abril renovamos o noso compromiso para visibilizar e pór fin a esta eiva e que a seguridade e a saúde no traballo se sitúen no centro das políticas públicas.**

**Seguiremos loitando ata conseguir empregos de calidade e libres de riscos  
para todos e todas**

Armando Iglesias Rodríguez  
Secretaría de Saúde Laboral  
Sindicato Nacional CCOO de Galicia



## ***ACCIDENTES DE TRABAJO***





## 1. ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA

### 1.1. Accidentes de trabajo con baixa en xornada laboral

Segundo os datos do avance de xaneiro-decembro 2021/2022/2023 que publicou o ISSGA, durante o 2023 producíronse en Galicia 30 423 accidentes de traballo con baixa. Deste total, o 89,65 % ocorreron en xornada laboral e o 10,35 % restante no desprazamento do domicilio ao centro de traballo ou viceversa.

**No 2023, en relación co ano anterior, incrementáronse en 2021 os accidentes de traballo con baixa en xornada laboral, un 7,11%.**

O **índice de incidencia** incrementouse un 5,14 % con respecto ao ano 2022.

**Táboa 1. ACCIDENTES DE TRABAJO CON BAIXA**

	ANO 2021	ANO 2022	ANO 2023
Na xornada laboral	26.402	25.732	27.274
'In itinere'	2.589	2.670	3.149
<b>Total</b>	<b>28.991</b>	<b>28.402</b>	<b>30.423</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

#### *Por gravidade e sexo*

O **índice de incidencia** do ano 2023 foi de 2640,62 (2511,48) accidentes de traballo con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras afiliadas á Seguridade Social coas continxencias profesionais cubertas. Este dato representa un incremento do 5,14 % con respecto ao ano 2022. A incidencia dos accidentes é maior nos homes ca nas mulleres: por cada cen mil homes traballadores, 3656,300 sufriron accidentes; a cifra baixa nas mulleres ata 1565,64.

A diferenza de índices entre homes e mulleres é maior conforme aumenta a gravidade dos accidentes. O índice de incidencia dos leves é 2,31 veces maior nos homes ca nas mulleres, 4,78 veces maior nos graves e ata 10,82 veces maior nos mortais.

**No ano 2023 producíronse 27 274 accidentes** de traballo con baixa en xornada laboral, dos que 50 foron mortais: 46 homes e 4 mulleres. Os homes sufriron o 70,99 % dos accidentes leves, o 83,51 % dos graves e o 92,00 % dos mortais.

**Táboa 2. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR GRAVIDADE E SEXO. ANO 2023**

	Nº DE ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	19.068	7.792	26.860	3.590,39	1.552,88	2.600,55
Graves	304	60	364	57,24	11,96	35,24
Mortais	46	4	50	8,66	0,80	4,84
<b>Total</b>	<b>19.418</b>	<b>7.856</b>	<b>27.274</b>	<b>3.656,30</b>	<b>1.565,64</b>	<b>2.640,63</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

En comparación co 2022 (ver táboa 3), o índice de incidencia de accidentes mortais reduciuse un 25,97 % e nos graves un 9,50 %, mentres que o índice de accidentes

leves aumentou un 5,46 %.

Por sexos, nas mulleres sobe un 297,02 % o índice de incidencia nos accidentes mortais, e baixa un 30,90 % nos homes. Nos accidentes graves, o índice de incidencia baixa un 16,12 % nas mulleres e un 8,11 % nos homes. Nos leves sobe un 8,55 % nas mulleres e un 4,21 % nos homes.

**Táboa 3. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR GRAVIDADE E SEXO**

	VARIACIÓN RELATIVA % 2022/2023		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	4,21	8,55	5,46
Graves	-8,11	-16,12	-9,50
Mortais	-30,90	297,02	-25,97
<b>Total</b>	<b>3,87</b>	<b>8,34</b>	<b>5,14</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### *Por sectores de actividade e sexo*

No 2023, o sector de actividade co maior índice de incidencia foi a construción, con 5292,31 accidentes por cada cen mil persoas traballadoras; séguenlle a industria e a pesca con 4807,94 e 4171,34 accidentes, respectivamente.

Por sexos, o índice de incidencia dos homes supera o das mulleres en todos os sectores de actividade pero, sobre todo, na construción (é máis de 12,7 veces maior) e na pesca (é mais de 3,1 veces maior). A menor diferenza dáse no sector dos servizos e na industria.

**Táboa 4. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E SEXO. ANO 2023**

	Nº DE ACCIDENTES			ÍNDICE DE INCIDENCIA		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	956	223	<b>1.179</b>	4.700,79	1.773,64	<b>3.582,50</b>
Pesca	641	65	<b>706</b>	5.001,17	1.582,28	<b>4.171,34</b>
Industria	5.825	1.222	<b>7.047</b>	5.666,45	2.791,74	<b>4.807,94</b>
Construción	4.225	36	<b>4.261</b>	5.818,52	455,70	<b>5.292,31</b>
Servizos	7.771	6.310	<b>14.081</b>	2.409,47	1.455,85	<b>1.862,71</b>
<b>Total</b>	<b>19.418</b>	<b>7.856</b>	<b>27.274</b>	<b>3.656,30</b>	<b>1.565,64</b>	<b>2.640,63</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

A segmentación sexual na ocupación reflíctese tamén na distribución dos accidentes por sectores. Nos servizos, a porcentaxe de mulleres que sofren un accidente é lixeiramente inferior á de homes, mentres que nos restantes sectores é moito maior.

**O maior número de accidentes no 2023 rexístrase no sector dos servizos: 7771 en homes e 6310 en mulleres** (55,18 % nos homes e 44,82 % nas mulleres).

**Na agricultura:** 18,92 % nas mulleres e 81,08 % nos homes.

**Na pesca:** 9,21 % nas mulleres e 90,79 % nos homes.

**Na industria:** 17,35 % nas mulleres e 82,65 % nos homes.

**Na construción:** 0,85 % nas mulleres e 99,15 % nos homes.

O índice de incidencia aumentou en todos os sectores (táboa 5) agás no da pesca, onde se reduciu (-1,39 %). O maior incremento rexístrase no sector dos servizos (6,67 %), séguenlle o da industria (5,43 %), a construción (2,02 %) e a agricultura (1,66 %).

**Táboa 5. EVOLUCIÓN ÍNDICE DE INCIDENCIA POR SECTOR E SEXO**

	VARIACIÓN RELATIVA % 2022/2023		
	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	1,02	0,40	1,66
Pesca	2,69	-28,66	-1,39
Industria	5,08	7,83	5,43
Construción	2,23	-3,22	2,02
Servizos	4,47	9,44	6,67
<b>Total</b>	<b>3,87</b>	<b>8,34</b>	<b>5,14</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

#### *Por sectores de actividade e gravidade*

No 2023, a construción acadou o índice de incidencia máis elevado nos accidentes leves (5151,96 por cada cen mil traballadores/as). A pesca rexistrou o índice de incidencia máis elevado nos accidentes graves (177,25 por cada cen mil traballadores/as). Na agricultura produciuse o índice de incidencia máis alto nos accidentes mortais (21,27 por cada cen mil traballadores/as).

**O sector dos servizos rexistra o menor índice de incidencia nos tres graos de gravidade.**

**Táboa 6. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2023**

	Nº DE ACCIDENTES				ÍNDICE DE INCIDENCIA			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
Agricultura	1.148	24	7	<b>1.179</b>	3.488,30	72,93	21,27	<b>3.582,50</b>
Pesca	673	30	3	<b>735</b>	3.976,37	177,25	17,73	<b>4.171,34</b>
Industria	6.972	67	8	<b>7.047</b>	4.756,77	45,71	5,46	<b>4.807,94</b>
Construción	4.148	103	10	<b>4.261</b>	5.151,96	127,93	12,42	<b>5.292,31</b>
Servizos	13.919	140	22	<b>14.081</b>	1.841,28	18,52	2,91	<b>1.862,71</b>
<b>Total</b>	<b>26.860</b>	<b>364</b>	<b>50</b>	<b>27.274</b>	<b>2.600,55</b>	<b>35,24</b>	<b>4,84</b>	<b>2.640,63</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**O número de accidentes leves** aumenta en todos os sectores, menos na pesca, onde baixa o 0,59 %.

**O número de accidentes graves** baixa en todos os sectores.

**O número de accidentes mortais** baixa nos sectores da pesca e a industria, e incrementase na agricultura, na construción e nos servizos.

**No total de accidentes** apréciase un incremento total do 5,99 %.

**Táboa 7. EVOLUCIÓN ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL  
POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2023**

	N.º DE ACCIDENTES %			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
<b>Agricultura</b>	0,35	-35,14	250,00	<b>-0,34</b>
<b>Pesca</b>	-0,59	-9,09	-88,00	<b>-3,95</b>
<b>Industria</b>	6,62	-9,46	-27,27	<b>6,39</b>
<b>Construción</b>	3,83	-0,96	25,00	<b>3,75</b>
<b>Servizos</b>	7,81	-7,28	4,76	<b>7,63</b>
<b>Total</b>	<b>6,31</b>	<b>-8,77</b>	<b>-25,37</b>	<b>5,99</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

Canto aos índices de incidencia, incrementáanse con respecto ao 2022 en todos os sectores no total dos accidentes con baixa, menos na pesca, onde baixa.

**Táboa 8. EVOLUCIÓN ÍNDICE ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL  
POR SECTORES E GRAVIDADE. ANO 2023 SOBRE 2022**

	ÍNDICE DE INCIDENCIA %			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
<b>Agricultura</b>	2,36	-33,84	257,01	<b>1,66</b>
<b>Pesca</b>	2,05	-6,67	-87,68	<b>-1,39</b>
<b>Industria</b>	5,66	-10,27	-27,93	<b>5,43</b>
<b>Construción</b>	2,10	-2,61	22,92	<b>2,02</b>
<b>Servizos</b>	6,85	-8,11	3,83	<b>6,67</b>
<b>Total</b>	<b>5,46</b>	<b>-9,50</b>	<b>-25,97</b>	<b>5,14</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### *Por tipo de contrato*

A temporalidade ten as súas peores consecuencias na sinistralidade laboral. En proporción, as persoas traballadoras cun contrato temporal sofren máis accidentes ca as que teñen unha relación estable.

No ano 2023 reduciuse de forma considerable o número total de accidentes con baixa en xornada laboral do persoal cun contrato temporal: baixou un -27,55 % (no ano 2022 baixara un -32,17 %).

En cambio, a porcentaxe de accidentes entre as persoas cun contrato indefinido aumentou un 20,02 % (no ano 2022 incrementárase un 18,85 %).

Estes datos vense claramente modificados de forma positiva polos efectos da última reforma laboral, ao transformárense moitos contratos temporais en indefinidos. Se ben aumentan os accidentes nas persoas traballadoras con contrato indefinido, non é comparable ao que se reducen os accidentes nas persoas con contrato eventual.

Haberá que seguir a evolución destes datos ano a ano para facer unha valoración do

impacto real positivo que representa esta reforma laboral.

**Táboa 9. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL  
POR TIPO DE CONTRATO**

TIPO DE CONTRATO	ANO 2022	ANO 2023	VARIACIÓN %
<b>Indefinido</b>	<b>16.831</b>	<b>20.201</b>	<b>20,02</b>
<b>Temporal</b>	<b>6.856</b>	<b>4.967</b>	<b>-27,55</b>
<b>Autónomo</b>	<b>2.045</b>	<b>2.106</b>	<b>2,98</b>
<b>Total</b>	<b>25.732</b>	<b>27.274</b>	<b>5,99</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### *Por provincias*

No 2023, o maior índice de incidencia de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral dáse na provincia de Ourense: 2970,86 accidentes por cada cen mil afiliacións (ver táboa 10).

Os accidentes de traballo soben nas catro provincias e tamén o índice de incidencia.

**Táboa 10. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS**

	ANO 2022		ANO 2023	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	<b>11.524</b>	<b>2.602,58</b>	<b>11.947</b>	<b>2.670,00</b>
Lugo	<b>2.971</b>	<b>2.475,42</b>	<b>3.014</b>	<b>2.507,63</b>
Ourense	<b>2.977</b>	<b>2.914,46</b>	<b>3.056</b>	<b>2.970,86</b>
Pontevedra	<b>8.260</b>	<b>2.296,87</b>	<b>9.257</b>	<b>2.554,71</b>
<b>Galicia</b>	<b>25.732</b>	<b>2.511,48</b>	<b>27.274</b>	<b>2.640,63</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### *Por comunidades autónomas*

Na clasificación por comunidades autónomas, e utilizando os datos do MITES, Galicia é a sexta comunidade con máis accidentes con baixa en xornada laboral: 27 271. Dos índices de incidencia, Galicia, con 2640,3 accidentes con baixa en xornada laboral por cada cen mil persoas traballadoras, é a decimo cuarta comunidade, rebaixando a media estatal que se sitúa en 2715.

**Táboa 11. ACCIDENTES CON BAIXA EN XORNADA LABORAL E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CCAA. ANO 2023**

	ACCIDENTES EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Andalucía	89.663	2.937,0
Catalunya	89.583	2.466,0
Madrid	71.232	2.080,3
Comunitat Valenciana	53.201	2.615,7
País Vasco	29.033	2.948,8
Galicia	27.271	2.640,3
Castilla y León	26.336	2.852,8
Castilla-La Mancha	25.676	3.454,0
Canarias	24.450	2.821,3
Baleares	22.555	4.172,0
Murcia	18.741	3.043,4
Aragón	16.914	2.884,3
Navarra	11.148	3.756,8
Extremadura	11.092	2.982,5
Asturias	10.820	2.934,7
Cantabria	6.157	2.776,5
La Rioja	4.544	3.457,2
Melilla	613	2.555,5
Ceuta	555	2.480,5
<b>TOTAL</b>	<b>539.584</b>	<b>2.715,0</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITRAMISS

Canto aos accidentes mortais en xornada, Galicia rexistrou un índice de incidencia de 4,84 accidentes mortais por cada cen mil persoas traballadoras, mentres que a proporción acadada no conxunto do Estado foi de 2,92. **O cuarto índice de accidentes mortais máis elevado dáse en Galicia.** La Rioja é a primeira con 9,89 e Melilla é a segunda con 8,34.

No rexistro de accidentes mortais, **Galicia é a quinta comunidade autónoma con maior número, 50.** A primeira é Andalucía con 94, a segunda Catalunya con 79, a terceira e a cuarta son Madrid e a Comunitat Valenciana con 60 cada unha delas.

**Táboa 12. ACCIDENTES MORTAIS E ÍNDICE DE INCIDENCIA POR CCAA ANO 2023**

	ACCIDENTES MORTAIS EN XORNADA	ÍNDICES DE INCIDENCIA
Andalucía	94	3,08
Catalunya	79	2,17
Madrid	60	1,75
Comunitat Valenciana	60	2,95
Galicia	50	4,84
Castilla y León	38	4,12
Castilla-La Mancha	31	4,17
Aragón	26	4,43
Murcia	23	3,74
País Vasco	22	2,23
Canarias	19	2,19
Asturias	15	4,07
Baleares	15	2,77
Extremadura	14	3,76
La Rioja	13	9,89
Cantabria	11	4,96
Navarra	9	3,03
Melilla	2	8,34
Ceuta	0	0
<b>TOTAL</b>	<b>581</b>	<b>2,92</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do MITES

**Accidentes mortais en xornada laboral. Causas**

Segundo os datos do ISSGA, no ano 2023 Galicia rexistrou 50 accidentes mortais en xornada laboral: morreron 46 homes (20 menos ca no ano 2022) e 4 mulleres (3 máis ca no ano 2022).

A causa máis frecuentes foron **os infartos e outras patoloxías non traumáticas**, con 21 accidentes mortais, o cal representa o 42,00 % do total. A segunda causa máis frecuente foron os **choques ou golpes contra obxectos en movemento**, con 12 accidentes mortais, o cal representa o 24,00 % do total.

**Táboa 13. FORMA DOS ACCIDENTES MORTAIS EN GALICIA. ANO 2023**

FORMA DO ACCIDENTE	TOTAL	%
Contacto coa corrente eléctrica, lume ou substancias perigosas	2	4,00
Afogamentos, sepultamentos	1	2,00
Caídas e golpes con esmagamentos contra obxectos inmóviles	7	14,00
Choques ou golpes contra obxectos en movemento	12	24,00
Contacto con axente cortante ou punzante	0	0,00
Atrapamento e amputacións	7	14,00
Mordeduras, patadas, picaduras, etc.	0	0,00
Infartos e outras patoloxías non traumáticas	21	42,00
Sen especificar	0	0,00
<b>TOTAL</b>	<b>50</b>	<b>100</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Accidentes mortais por sectores de actividade

No 2023, a pesca foi o sector de actividade co maior índice de incidencia de accidentes mortais: 21,27. O segundo posto ocupouno a pesca, o terceiro a industria, e a construción o cuarto. Por debaixo da media só está o sector dos servizos (ver táboa 14).

En relación co ano anterior, os accidentes mortais redúcense nos sectores da pesca e a industria en 22 e 3, respectivamente. Aumentan nos sectores da agricultura, construción e os servizos en 5, 2 e 1 accidentes mortais, respectivamente.

**Táboa 14. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES**

	ANO 2022		ANO 2023	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
Agricultura	2	5,96	7	21,27
Pesca	25	143,88	3	17,73
Industria	11	7,57	8	5,46
Construción	8	10,10	10	12,42
Servizos	21	2,80	22	2,91
<b>Total Galicia</b>	<b>67</b>	<b>6,54</b>	<b>50</b>	<b>4,84</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Accidentes mortais por provincias

Por provincias, Ourense ten no 2023 o maior índice de incidencia de accidentes mortais (ver táboa 15). En comparación co 2022, o índice de incidencia incrementouse nas catro provincias.

**Táboa 15. ACCIDENTES MORTAIS CON BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS**

	ANO 2022		ANO 2023	
	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA	Nº ACCIDENTES	ÍNDICE DE INCIDENCIA
A Coruña	19	<b>2.602,58</b>	22	<b>2.670,00</b>
Lugo	5	<b>2.475,42</b>	8	<b>2.507,63</b>
Ourense	5	<b>2.914,46</b>	5	<b>2.970,86</b>
Pontevedra	38	<b>2.296,87</b>	15	<b>2.554,71</b>
<b>Galicia</b>	<b>67</b>	<b>2.511,48</b>	<b>50</b>	<b>2.640,63</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Accidentes mortais por tipo de contrato

Polo tipo de contrato, o 80% das persoas falecidas por accidente de traballo en xornada laboral no 2023 tiñan un contrato indefinido; foron 40 persoas. O 6% tiñan un contrato temporal, o cal vén a demostrar a incidencia positiva que tivo a reforma laboral para as persoas traballadoras con contrato temporal. En comparación co 2022, subiron os accidentes mortais en persoas traballadoras con contrato indefinido e mantéñense nas persoas autónomas.



**Táboa 16. ACCIDENTES MORTAIS POR TIPO DE CONTRATO**

	ANO 2021	ANO 2022
Indefinidos	32	40 = 80 %
Temporais	28	3 = 6 %
Autónomos	7	7 = 14 %
<b>Total</b>	<b>67</b>	<b>50</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

## 1.2. Accidentes de traballo 'in itinere'

### Por gravidade e sexo

- No ano 2023 rexistráronse un total de 3149 accidentes *in itinere*: 1817 de mulleres (57,70 % do total) e 1332 de homes (42,30 % do total).
- Ocorrerón 479 accidentes *in itinere* máis ca no 2022, cun incremento do 17,94 % (332 máis de mulleres e 147 de homes).
- As mulleres sufriron máis accidentes leves ca os homes, pero nos graves e mortais ocorre o contrario (morreron catro homes e dúas mulleres).

Resulta bastante preocupante o aumento que se está a dar no total dos accidentes de traballo *in itinere*, sobre todo nos leves e, concretamente, nas mulleres. O gran número de xornadas parciais, en diferentes centros e traballo, pode ser unha das causas deste importante incremento.

**Táboa 17. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR SEXO E GRAVIDADE**

	Nº DE ACCIDENTES NO ANO 2022			Nº DE ACCIDENTES NO ANO 2023		
	HOMES	MULLERES	TOTAL	HOMES	MULLERES	TOTAL
Leves	1.155	1.471	2.626	<b>1.304</b>	<b>1.793</b>	<b>3.097</b>
Graves	25	13	38	<b>24</b>	<b>22</b>	<b>46</b>
Mortais	5	1	6	<b>4</b>	<b>2</b>	<b>6</b>
<b>Total</b>	<b>1.185</b>	<b>1.485</b>	<b>2.670</b>	<b>1.332</b>	<b>1.817</b>	<b>3.149</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Por provincias e gravidade

**O total dos accidentes *in itinere*** aumentou en todas as provincias no ano 2023, menos en Ourense, onde baixou en 7.

**Os accidentes mortais** baixaron na Coruña 1 e en Lugo 2; soben 1 en Ourense e 2 en Pontevedra.

**Os accidentes graves** aumentaron en Lugo en 4; na Coruña en 4; en Ourense en 1; baixaron en 1 en Pontevedra.

**Os accidentes leves** aumentaron 301 en Pontevedra, 142 na Coruña e 37 en Lugo; baixaron 9 en Ourense.

**Táboa 18. ACCIDENTES DE TRABALLO 'IN ITINERE' POR GRAVIDADE E PROVINCIA**

	Nº DE ACCIDENTES NO ANO 2022				Nº DE ACCIDENTES NO ANO 2023			
	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL	LEVES	GRAVES	MORTAIS	TOTAL
A Coruña	1.057	18	3	<b>1.078</b>	1.199	22	2	<b>1.223</b>
Lugo	218	4	2	<b>224</b>	255	8	0	<b>263</b>
Ourense	264	1	0	<b>265</b>	255	2	1	<b>258</b>
Pontevedra	1.087	15	1	<b>1.103</b>	1.388	14	3	<b>1.405</b>
<b>Galicia</b>	<b>2.626</b>	<b>38</b>	<b>6</b>	<b>2.670</b>	<b>3.097</b>	<b>46</b>	<b>6</b>	<b>3.149</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL***Por provincias*

No ano 2023 rexistráronse en Galicia un total de 13 651 accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral. Son 1449 menos ca no 2022 (-9,60%).

Baixaron 222 na Coruña, 139 en Lugo, 32 en Ourense e 627 en Pontevedra.

**Táboa 19. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR PROVINCIAS**

	ANO 2022	ANO 2023	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. %
A Coruña	6.133	5.482	-222	<b>-10,61</b>
Lugo	1.449	1.310	-139	<b>-9,59</b>
Ourense	1.559	1.527	-32	<b>-2,05</b>
Pontevedra	5.959	5.332	-627	<b>-10,52</b>
<b>Total</b>	<b>15.100</b>	<b>13.651</b>	<b>-1449</b>	<b>-9,60</b>

*Por sectores de actividade*

En relación co ano 2022, os accidentes de traballo sen baixa en xornada laboral aumentan en todos os sectores, menos no da construción, que baixa en 105.

**Táboa 20. ACCIDENTES SEN BAIXA EN XORNADA LABORAL POR SECTORES. ANO 2023**

	ANO 2022	ANO 2023	VARIAC. ABSOLUTA	VARIAC. %
Agricultura	480	<b>425</b>	-55	<b>-11,46</b>
Pesca	298	<b>221</b>	-77	<b>-25,84</b>
Industria	4.535	<b>4.002</b>	-533	<b>-11,75</b>
Construción	2.122	<b>2.017</b>	-105	<b>-4,95</b>
Servizos	7.665	<b>6.986</b>	-679	<b>-8,86</b>
<b>Total</b>	15.100	<b>13.651</b>	<b>-1.449</b>	<b>-9,60</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA



## *ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABAJO*



## 1. ENFERMIDADES CAUSADAS POLO TRABALLO

A información que achegamos sobre as enfermidades causadas polo traballo procede do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) e do Observatorio das continxencias profesionais da Seguridade Social. A análise céntrase no período xaneiro-decembro de 2023.

A cobertura das enfermidades causadas polo traballo no sistema da seguridade social encarréirase por dúas vías:

- O recoñecemento automático da enfermidade profesional. Segundo o artigo 157 da LXSS (Lei xeral da seguridade social), un traballador ou traballadora ten dereito a cobertura por enfermidade profesional se esa enfermidade foi contraída a consecuencia do traballo nas actividades que se especifican no cadro de enfermidades profesionais (EEPP) aprobado polo RD 1299/2006 e está provocada pola acción dos elementos ou substancias que se indican nese cadro.
- O artigo 156.2 da LXSS, nos seus apartados *e* e *f*, recoñece que serán consideradas como continxencia profesional aquelas enfermidades non incluídas na relación de EEPP que contraia a persoa traballadora con motivo da realización do seu traballo, sempre que se probe que a enfermidade tivo causa exclusiva na súa execución. Tamén as enfermidades ou defectos anteriormente padecidos que se agraven como consecuencia da lesión constitutiva do accidente.

O sistema de notificación CEPROSS (comunicación de EEPP na seguridade social) achega desde o ano 2007 información das patoloxías sufridas polas persoas traballadoras que están incluídas no cadro de EEPP.

En xuño do 2010 creouse o ficheiro PANOTRATSS, que rexistra as patoloxías non traumáticas causadas ou agravadas polo traballo que non teñen a consideración de enfermidade profesional.

### 1.1. Enfermidades profesionais

No *Informe CEPROSS-PANOTRATSS 2017* dise:

Un parte comunicado é un expediente de enfermidade profesional que foi tramitado pola entidade xestora ou colaboradora que asume a cobertura de continxencias profesionais conforme a normativa vixente e supuxo a existencia dunha visita da persoa traballadora a un facultativo que diagnostica unha enfermidade profesional catalogada no cadro de enfermidades profesionais recollido no RD 1299/2006.

Se cando se realiza a comunicación telemática existe baixa laboral por incapacidade temporal, o parte permanece no que se denomina estado aberto, pasando á situación de pechado no momento en que finalice a incapacidade temporal. Os partes pódense pechar por algunha das seguintes causas:

- Alta por curación e/ou alta laboral
- Alta con proposta de incapacidade permanente
- Alta con proposta de cambio de traballo
- Falecemento
- Lesións permanentes non invalidantes
- Sen baixa laboral
- Outras causas. *Neste apartado inclúense as situacións de cualificación do parte como accidente de traballo ou enfermidade común aínda cando o traballador continúe de baixa médica laboral.*

### 1.1.1. Partes comunicados de enfermidades profesionais

Segundo os datos de xaneiro a decembro do ano 2023, rexistráronse 1339 EEPP, 46 máis ca no ano 2022 (+6,31 %).

O 57,87 % dos partes comunicados de EEPP foron con baixa laboral e o 42,13 % sen baixa. En comparación co ano 2022, os partes con baixa aumentaron un +6,31% (46 máis) e os sen baixa un +5,4 % (29 máis).

**Táboa 1. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA**

	ANO 2022	ANO 2023	VARIACIÓN ANUAL %
Con baixa	729	775	+46 = +6,31 %
Sen baixa	535	564	+29 = +5,4 %
<b>Total</b>	<b>1.264</b>	<b>1.339</b>	<b>+75 = +5,93 %</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

#### Por sexo

**Das EEPP rexistradas no ano 2023**, o 43,16 % foron de mulleres, 578 partes comunicados. O 56,84 % dos partes comunicados foron de homes, 761 partes.

Nas mulleres, os **partes con baixa foron** o 41,67 %, 323 partes. Nos homes, o 58,33%, 452 partes.

Nas mulleres, os **partes sen baixa foron** o 45,21 %, 255 partes. Nos homes, o 54,79 %, 309 partes.

**Táboa 2. EEPP POR SEXOS. ANO 2023**

	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL
Homes	452	309	761
Mulleres	323	255	578
<b>Total</b>	<b>775</b>	<b>564</b>	<b>1.339</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA



### Por sector de actividade

O sector con maior recoñecemento de enfermidades profesionais é a industria, con 635 (47,42%); o segundo foi o dos servizos con 523 (39,07%); o terceiro, a construción con 134 (10,00%); o cuarto, a agricultura con 30 (2,24%) e o quinto foi a pesca con 17 (o 1,27%).

O sector que, en proporción, rexistrou máis EEPP con baixa ca sen baixa foi a pesca: o 100%. Os seguintes son a industria cun 59,37%, a construción cun 58,20%, a agricultura cun 56,66% e os servizos co 54,68%.

**Táboa 3. EEPP CON BAIXA E SEN BAIXA POR SECTOR DE ACTIVIDADE. ANO 2023**

SECTOR	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% DO TOTAL
Agricultura	17	13	30	2,24 %
Pesca	17	0	17	1,27 %
Industria	377	258	635	47,42 %
Construción	78	56	134	10,00%
Servizos	286	237	523	39,07 %
<b>Total</b>	<b>775</b>	<b>564</b>	<b>1.339</b>	<b>100 %</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

### Por sector de actividade e por sexo

Os sector da agricultura (70%), a industria (70,23%) e a construción (98,50%) suman máis casos de EEPP de homes ca de mulleres.

En cambio, no sector da pesca (58,82%) e dos servizos (70,36%) ocorre o contrario, suman máis casos de EEPP as mulleres ca os homes.

**Táboa 4. EEPP POR SECTOR DE ACTIVIDADE E SEXO. ANO 2023**

SECTOR DE ACTIVIDADE	HOMES	MULLERES	TOTAL
Agricultura	21	9	<b>30</b>
Pesca	7	10	<b>17</b>
Industria	446	189	<b>635</b>
Construción	132	2	<b>134</b>
Servizos	155	368	<b>523</b>
<b>Total</b>	<b>761</b>	<b>578</b>	<b>1.339</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**Por grupo de enfermidade**

O cadro de EEPP foi aprobado polo Real decreto 1299/2006. Inclúe unha listaxe de enfermidades recoñecidas como profesionais e os traballos e substancias que expoñen ao risco de contraelas.

**A listaxe recolle seis grupos de EEPP:**

**Grupo 1:** EEPP causadas por axentes químicos

**Grupo 2:** EEPP causadas por axentes físicos

**Grupo 3:** EEPP causadas por axentes biolóxicos

**Grupo 4:** EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados

**Grupo 5:** EEPP da pel causadas por substancias e axentes non comprendidos nalgún dos outros apartados

**Grupo 6:** EEPP causadas por axentes carcinóxenos

No 2023, o maior número de partes de EEPP comunicados concéntrase no grupo 2, co 73,49 % (EEPP causadas por axentes físicos).

No grupo 4 contabilízanse o 12,70 % dos partes comunicados; é o segundo grupo con maior número de partes (EEPP causadas pola inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutros apartados).

**Táboa 5. PARTES COMUNICADOS POR GRUPOS DE ENFERMIDADE. ANO 2023**

GRUPO	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
Grupo 1	30	16	46	3,44 %
Grupo 2	567	417	984	73,49%
Grupo 3	33	28	61	4,55 %
Grupo 4	110	60	170	12,70 %
Grupo 5	33	43	76	5,67 %
Grupo 6	2	0	2	0,15 %
<b>Total</b>	<b>775</b>	<b>564</b>	<b>1.339</b>	<b>100 %</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**Por provincias**

No ano 2023, a provincia coa cifra máis alta de partes comunicados de EEPP é Pontevedra con 605, o 45,18 % de todos os rexistrados en Galicia. A segunda foi A Coruña con 379 partes, o 28,30 % do total; a terceira foi Ourense con 239, o 17,85 %, e a cuarta Lugo con 116, o 8,67 %.

**Táboa 7. PARTES COMUNICADOS POR PROVINCIAS. ANO 2022**

PROVINCIA	CON BAIXA	SEN BAIXA	TOTAL	% SOBRE TOTAL
A Coruña	218	161	<b>379</b>	28,30 %
Lugo	75	41	<b>116</b>	8,67 %
Ourense	136	103	<b>239</b>	17,85 %
Pontevedra	346	259	<b>605</b>	45,18 %
<b>Total</b>	<b>775</b>	<b>564</b>	<b>1.339</b>	<b>100 %</b>

FONTE: elaboración propia a partir de datos do ISSGA

**Accidentes mortais en Galicia ata o 25 abril 2024**

<b>DATA</b>	<b>LUGAR</b>	<b>FALECIDOS</b>
<b>17 febreiro</b>	<b>A Cañiza (Pontevedra)</b>	<b>2</b>
<b>25 febreiro</b>	<b>Carballo (A Coruña)</b>	<b>1</b>
<b>28 febreiro</b>	<b>Pontevedra</b>	<b>1</b>
<b>7 marzo</b>	<b>Lugo</b>	<b>1</b>
<b>13 marzo</b>	<b>Pontevedra</b>	<b>1</b>
<b>15 marzo</b>	<b>Vilanova de Arousa (Pontevedra)</b>	<b>1</b>
<b>18 marzo</b>	<b>Vigo (Pontevedra)</b>	<b>1</b>
<b>28 marzo</b>	<b>Vigo (Pontevedra)</b>	<b>1</b>
<b>2 abril</b>	<b>Santiago (A Coruña)</b>	<b>1</b>
<b>8 abril</b>	<b>Ponteareas (Pontevedra)</b>	<b>1</b>
<b>10 abril</b>	<b>Lugo</b>	<b>1</b>
<b>24 abril</b>	<b>Tomiño (Pontevedra)</b>	<b>1</b>
<b>TOTAL</b>		<b>13</b>
<b>Nota: dos 13 accidentes mortais, 9 foron na provincia de Pontevedra, un 69 %.</b>		

